



- Hai outra canción galega, vella, moi vellísima tamén. Cantina cando era pequena.

IV 5^a

Bartolo tiña unha filla
que lle chamaban Leonor;
un día estaba cosendo
sentada no corredor.

O corredor era vello,
tiña aberturas no piso,
se de baixo se miraba
víaselle o paraíso.

- Queréis que siga ou que non?
- Siii.

Mailo fillo do estanqueiro
que alí viu a Leonor,
marchou coma unha centella
pra baixo do corredor.

“Tapa esas pernas Leonor,
que se non me engaño vexo
encima desa mesota
as orellas a un conexo”

Leonor toda asustada
quixo taparse enseguida,
pegou un breque pra tras
e caeu patas arriba

“Non te asustes Leonor,
porque as pernas che mirei
xa vexo que as tés guapiñas
contigo me casarei.”

“Pois eu cuanto tea solteira
ben seguro podes ter
que as orellas do conexo
non as has volver a ver.”

“E farás eso, muller?
Non teñas corazón duro,
aunque outro día non queiras
sácame hoxe deste apuro.”



Marchou de alí bordeando,
“Xa non hai que ten convenza,
pero o día que nos casemos
heiche apretar as corenta.”

Saturno non se apuraba
en casarse ca rapaza
porque tiña pouco dote
e non lla querían na casa.

Así que lle viu as pernas
xa cambiou de parecer:
“Que dote nin que centella?
O que vale é ter muller!”

Por fin, tres meses e medio,
levaron de relación,
mais ó cabo dese tempo,
casaron sin munición.

Foi un gran día de voda,
un gran día de placer,
os dous casados de novo / modo (?)
deitáronse ó escorecer.

O empezala pelea,
dixo a rapaza asustada:
“Brinca despacio, Saturno,
vamos a romper a cama.”

“Non te asustes, Leonor,
Levo o demo duda ten,
a cama está ben segura
brinca algo tu tamén”.

Alá pola medianoite,
Saturno estaba cansado,
quixo empezar a brincar
e xa non deu terminado.

“Vaia por Dios dixo ela,
xa non te manexas ben,
cuando hoxe estás cansado
que fará pro mes que vén?”

- Espera un momentíño que vou... (afina o violín).